



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Marzo 2017

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Marzo 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumentou en Galicia un 3,5% en marzo de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 2,6%.
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento nas vendas do 1,4% e o Resto de produtos do 4,8%.
- Soamente Cantabria e Melilla diminúen as súas vendas en marzo respecto ao mesmo mes do ano anterior. Galicia é a sétima comunidade con maior incremento.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 7,0% no mes de marzo de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,3 puntos máis que en España (5,7%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,4% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto do Estado (1,7%).
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de marzo.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes


O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 3,5% no mes de marzo, mellorando en 4,5 puntos a taxa do trimestre precedente. A nivel nacional o índice rexistra unha taxa do 2,6%, superior en 5,4 puntos á taxa do mes anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta o 3,4% respecto a marzo de 2016, 4,1 puntos máis que no mes anterior. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas o 1,4% e achega 0,5 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizos. En España, as vendas na Alimentación aumentan o 2,9%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 4,8% e achega 2,8 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional aumenta o 3,4%.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan as súas vendas en marzo agás Cantabria (-0,8%). Os maiores incrementos danse en Navarra (5,2%) e Madrid (4,8%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Marzo 2017

Taxas de variación en %



No que vai de ano, Canarias rexistra o maior incremento (2,6%) mentres que os maiores descensos danse en Extremadura (-2,2%) e Cantabria (-2,0%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de marzo de 2017, un incremento do 7,0% en Galicia e do 5,7% a nivel nacional.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 5,7% en Galicia, 1,0 puntos máis que en España (4,7%). Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 3,3% e en España o 4,3%. O Resto de produtos rexistra un incremento das súas vendas en Galicia do 7,1% e en España do 5,2%.

No que vai de ano, o índice xeral aumenta un 5,6% en Galicia e o 3,8% en España.

Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2017

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	95,4	7,0	5,6
Xeral sen estacións de servizo	92,9	5,7	4,3
Alimentación	101,1	3,3	1,3
Resto	87,3	7,1	6,3

The bar chart shows the following data:

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	5,7	4,3
Xeral sen estacións de servizo	1,4	0,5
Resto	4,4	3,8

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 5,8%.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,4% no mes de marzo de 2016 en Galicia, tres décimas menos que no conxunto de España (1,7%).

No primeiro trimestre do ano, a ocupación crece en Galicia un 1,4% e en España un 1,8%.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en marzo en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Canarias (4,9%) e Illes Balears (4,5%). En senso contrario, Castilla-La Mancha (0,3%) rexistra o menor crecemento.

No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Canarias e Illes Balears (ambas as dúas 5,2%) e o menor en Castilla-La Mancha (0,4%).

Índice xeral de ocupación. Marzo 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = ({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t}) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$ é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	95,4	7,0	5,6	89,5	3,5	1,4
Xeral sen estacións de servizo	92,9	5,7	4,3	87,1	3,4	1,6
Alimentación	101,1	3,3	1,3	89,1	1,4	-0,3
Resto	87,3	7,1	6,3	85,6	4,8	3,1
España						
Xeral	94,9	5,7	3,8	89,1	2,6	0,0
Xeral sen estacións de servizo	94,6	4,7	2,6	88,8	2,9	0,3
Alimentación	107,0	4,3	2,5	94,6	2,9	1,1
Resto	86,4	5,2	2,7	84,4	3,4	-0,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	101,0	5,8	5,8	93,6	2,4	2,2
Xeral sen estacións de servizo	98,8	4,5	4,9	91,6	2,4	2,4
Alimentación	103,3	2,5	2,1	90,6	0,6	0,6
Resto	95,5	5,7	6,8	91,3	3,1	3,1
España						
Xeral	98,5	4,3	3,9	91,2	0,9	0,5
Xeral sen estacións de servizo	98,4	3,1	2,8	91,5	1,6	0,6
Alimentación	107,9	4,7	3,4	95,4	3,4	2,1
Resto	92,5	2,6	2,5	88,4	1,1	0,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	94,9	5,7	3,8	89,1	2,6	0,0
Andalucía	91,3	4,3	2,7	85,7	1,4	-0,9
Aragón	91,9	5,6	2,9	86,5	2,5	-0,9
Asturias	88,7	4,4	3,0	83,8	1,2	-0,8
Balears, Illes	104,9	7,0	5,8	97,8	3,7	1,9
Canarias	108,2	6,8	5,5	105,2	4,1	2,6
Cantabria	91,9	2,3	1,9	85,4	-0,8	-2,0
Castilla y León	93,4	4,3	2,9	87,3	0,7	-1,4
Castilla-La Mancha	92,2	6,9	5,7	86,6	3,1	1,1
Cataluña	94,9	5,4	2,8	87,5	2,0	-1,3
Comunitat Valenciana	96,6	4,5	3,7	91,1	1,6	0,1
Extremadura	96,1	3,0	1,1	91,1	0,5	-2,2
GALICIA	95,4	7,0	5,6	89,5	3,5	1,4
Madrid	95,0	7,7	4,8	90,0	4,8	1,2
Murcia, Región de	89,8	4,0	3,4	84,2	1,1	-0,2
Navarra	99,2	8,1	5,2	94,2	5,2	1,5
País Vasco	93,6	7,4	3,4	87,6	4,3	-0,3
Rioja, La	97,3	7,8	5,9	90,9	4,4	1,7
Ceuta	91,4	3,1	2,9	87,5	0,4	-0,2
Melilla	94,2	1,8	1,8	91,4	-1,2	-1,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	98,5	1,4	1,4
Xeral sen estacións de servizo	98,2	1,2	1,2
España			
Xeral	98,3	1,7	1,8
Xeral sen estacións de servizo	98,5	1,6	1,7

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Marzo 2017

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	98,3	1,7	1,8
Andalucía	93,3	1,1	1,3
Aragón	97,2	1,9	1,9
Asturias	93,9	1,9	1,8
Balears, Illes	106,3	4,5	5,2
Canarias	106,5	4,9	5,2
Cantabria	99,6	0,7	1,2
Castilla y León	98,5	1,3	1,4
Castilla-La Mancha	99,1	0,3	0,4
Cataluña	101,0	1,5	1,4
Comunitat Valenciana	100,9	1,5	1,8
Extremadura	100,1	1,1	1,5
GALICIA	98,5	1,4	1,4
Madrid	95,9	1,7	1,6
Murcia	95,2	1,7	1,8
Navarra	97,2	1,2	1,4
País Vasco	98,5	1,2	1,5
Rioja, La	100,0	1,6	1,4
Ceuta	99,4	0,2	0,3
Melilla	102,9	1,5	1,3

Fonte: INE